

CAMBIOS DE GRUPO REDUCIDO

RECOMÉNDASE A TODO O ALUMNADO QUE VERIFIQUE QUE TEN ASIGNADO UN GRUPO REDUCIDO DE TODAS E CADA UNHA DAS MATERIAS NAS QUE ESTÁ MATRICULADO POR PRIMEIRA VEZ. PÓDENSE CONSULTAR NA SECRETARÍA VIRTUAL

Se algunha persoa non ten asignado grupo reducido nalgunha materia, deberá poñerse en contacto co profesorado responsable da mesma.

O cambio de grupo deberá ser solicitado polo alumnado interesado (en persoa, non vale correo electrónico nin outros medios), e deberá ser xustificada a necesidade do devandito cambio.

Consideraranse motivos de cambio de grupo os seguintes:

1. Solapamento no horario con grupos doutras materias (deberase aportar a **folia de matrícula**).
2. Circunstancias debidamente **xustificadas documentalmente** de carácter laboral, familiar, por atención a persoas dependentes ou por necesidades educativas especiais.

NON se considerarán motivos de cambio de grupo:

1. O solapamento dos horarios da ESEI con outras actividades extraescolares ou cursos, aínda que o alumnado interesado pode solicitar un xustificante de horarios da ESEI, para que lle modifiquen o horario das devanditas actividades e poida asistir a todas elas.
2. Os problemas de transporte, salvo que estean debidamente xustificadas documentalmente, tanto a nivel de horarios como de domicilio do alumnado.

Prazo e lugar de solicitude de cambio:

Poñerse en contacto co profesorado responsable de cada materia.